

RESUMO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

CURSO ESCOLAR 2020/2021

Normativa: Orde do 12 de maio de 2020, DOG do 19 de maio de 2020

Prazo: do 20 de maio ao 19 de xuño

Destinatarios: Alumnado matriculado en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO

Resumo do fondo e das axudas:

	Renda per cápita familiar (2018)			Calquera renda per cápita			
	≤ 6.000 €	> 6.000 e ≤ 10.000 €	≤ 6.000 €	En garda ou tutela da Xunta		Discapacidade ≥ 65 %	
	Libros de texto		Material	Libros de texto	Material	Libros de texto	Material
Alumnos ESO	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾	Fondo: 4 libros ⁽¹⁾	50 €	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾	50 €	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾ ou 250 € ⁽²⁾	50 €

⁽¹⁾ O número de libros que se indica é o mínimo garantido, pero poderá incrementarse se houbera existencias no centro.

⁽²⁾ Disposición adicional 1ª da Orde.

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2018 entre o número de membros computables.

Renda da unidade familiar (recadro 435 + recadro 460)
Renda per cápita: -----
Número de membros computables

Como cubrir a solicitude.

- Telemática (Preferiblemente), accedendo a Sede Electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/portada/> (Modelo ED330B) ou dende a aplicación Fondo libros <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>.

Forma de presentación da solicitude:

- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica na Sede Electrónica da Xunta de Galicia. Neste suposto o centro recibirá un aviso no seu correo electrónico que lle informará de que ten solicitudes presentadas por esta vía.

- Opcionalmente poderanse presentar no centro: Neste caso imprimirán a **solicitude** e o **anexo II** e presentaranos no centro (debidamente asinados), xunto coa documentación (A solicitude xa terá asignado un número pola aplicación e o centro pode recuperala).

- Manual (Opcionalmente), facilitarase o modelo na secretaría do centro ou descargando este, na Sede Electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/portada/> (Modelo ED330B).

Neste caso será presentada de forma presencial.

Enlaces:

Sede Electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/portada/>

Aplicación Fondo libros <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>